



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ASAMBLEA LOCAL DE A ILLA DE AROUSA

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA

Carlos Otero Chaves, concelleiro, con domicilio a efectos de notificación na rúa Campo nº 7 deste concello, e con D.I. 35.459.044-J, comparece ante o Concello de A Illa de Arousa e DI:

Que no Boletín Oficial da Provincia do 17 de marzo de 2006 foi publicado o anuncio de aprobación inicial do orzamento e bases de execución do Concello de A Illa de Arousa para o exercicio de 2006, e ao abeiro do disposto na Lei reguladora das Facendas Locais (LFL), en legais tempo e forma, formula a seguinte:

ALEGACIÓN:

O orzamento é un instrumento de planificación económica, aínda que limitado a un exercicio, polo que deben ser incluídos no mesmo todos os actos da entidade local con transcendencia económica que se pretendan realizar durante o ano para o cal se elabora o orzamento, incluíndo no mesmo aquelas obrigacións e a planificación económica das necesidades que o Concello debe atender.

Neste orzamento, no capítulo de "transferencias a entidades sen fin de lucro" só aparece unha asignación de 24.000 € correspondentes a 18.000 € para a Fundación Deportiva Municipal, mais 6.000 € correspondentes á Comisión de Festas de Vran. Tendo en conta a grande cantidade de actividades que todas as asociacións sen ánimo de lucro organizan neste pobo, co conseguinte beneficio social que todo isto supón para a Illa, estase a dar unha grande discriminación con todas e cada unha delas. Por tal motivo, propoñemos unha modificación do orzamento de xeito que se amplíe a partida referida en 8.500 € para aportacións ás entidades sen fin de lucro. Proponse tamén un incremento de 7.500 € correspondentes á aportación de capital fundacional da Fundación Deportiva Municipal

Polo exposto,

SOLICITA, que teña por presentado este escrito, e na súa virtude, ter por formulada a anterior alegación contra a aprobación inicial do Orzamento Xeral do Concello de A Illa de Arousa para o exercicio económico de 2006, acordando as variacións que se propoñen.

A Illa de Arousa, 31 de marzo de 2006.